


Qué é a Mediación Familiar?

A mediación familiar é un sistema de resolución de conflitos entre os membros dunha familia, conflitos de parella ou doutra natureza, no que a través dun proceso voluntario e confidencial se facilita a comunicación entre as partes para chegaren a acordos satisfactorios para todos.

Móstrase como a técnica mais eficaz para a resolución de conflitos de parella ou familiares. Minimiza o trauma, que xeralmente se produce nos procesos contenciosos, e pacifica a relación, facilitando a cooperación e a comunicación entre os proxenitores e membros da familia.



Cal é o proceso da Mediación Familiar Extraxudicial?

- Unha ou todas as partes implicadas no conflito acoden ao Servizo de Mediación Familiar.
- Cando alúmenos dúas deciden voluntariamente aceptar a mediación, reciben axuda, de modo imparcial e neutral, para chegaren a acordo; pacificando a relación e minimizando o conflito.
- Os acordos aos que cheguen poderán elevarse a escritura pública ou solicitar a súa homologación xudicial, segundo o caso.



Universidade de Vigo

SERVIZO DE MEDIACIÓN FAMILIAR EXTRAXUDICIAL

DIRIXIDO A:

- Parellas que se están separando ou divorciando.
- Proxenitores que teñen algún conflito ou controversia nas responsabilidades parentais.
- Calquera membro dunha familia – pais e nais, fillos adolescentes, avós, irmás...– entre os que haxa un conflito ou dificultades de convivencia.

ATENCIÓN GRATUITA INFORMACIÓN

rupturadeparejanodefamilia@gmail.com

Concello de Santiago
Concellería de Familia, Benestar Social,
Muller e Emprego
R/ Isaac Díaz Pardo, nº 4, 15705
Tlf: 981 542 465

Unidad Psicología Forense (USC)
Tlf: 881-813871

DIRECTORES:
DRA. FRANCISCA FARIÑA RIVERA
DR. RAMÓN ARCE FERNÁNDEZ

A ruptura de parella

Acostuma ser **un proceso estresante**, traumático e doloroso para todos os membros da familia:

•Sempre vai acompañado da necesidade de facer cambios a nivel funcional e estrutural na familia.


•**Precipita emocións e pensamentos negativos** que poden comprometer o estado psicolóxico, e mesmo deixar unha pegada, especialmente nos fillos e fillas.

A **separación**, legal ou de feito, **non é a orixe das consecuencias nocivas nos nenos**, senón o conflito familiar e o xeito de o resolveren os proxenitores, así como a súa capacidade de darlles protección e apoio.

Outros conflitos familiares

A mediación familiar pode axudar tamén a resolver conflitos **entre irmás, pais e fillos**, tales como os derivados do coidado de persoas maiores, das relacións entre pais e avós ou fillos adolescentes, axustes en familias reconstituídas...

A mediación familiar promove un clima colaborativo que conduce as familias a un acordo mais satisfactorio para todos



As principais vantaxes da mediación

❑ Dos procedementos de resolución de conflitos, é o menos traumático e o máis terapéutico de todos.

❑ As persoas implicadas son as que realmente toman as decisións sobre a organización da súa vida futura, proporcionando maior satisfacción e cumprimento dos acordos.

❑ Nos casos de ruptura de parella, propicia que os proxenitores se centren nos intereses e necesidades de seus fillos e fillas e promove a coparentalidade positiva.

❑ É a vía menos custosa a nivel persoal e social.

❑ Apréndelles ás partes a resolver discrepancias ou conflitos futuros.

❑ Pode iniciarse en calquera momento, aínda que se recomenda facelo no inicio da ruptura.